



FACULTADE DE FILOLOXÍA



Boletín 27

31 de marzo – 4 de abril

Actividades



TÍTULO: Conferencia

ERNESTO XOSÉ GONZÁLEZ SEOANE

«2004-2012: Filoloxía ante o reto de Boloña»

DESTINATARIOS/AS: Toda a comunidade universitaria

ORGANIZACIÓN: Decanato da Facultade de Filoloxía

CONTACTO: filoloxia.decanato@usc.gal

LUGAR: Salón de graos

DATAS: 10 de abril

HORA: 12:00

CONFERENCIAS
EX-DECAN@S
DA FACULTADE DE FILOLOXÍA

Facultade de Filoloxía
Salón de Graos
12.00 horas



ERNESTO XOSÉ GONZÁLEZ SEOANE
«2004-2012: Filoloxía ante o reto de Boloña»
10 de abril

Actividades Culturais

TÍTULO: Actos *In Memoriam* Javier Serrano Alonso

DESTINATARIAS: profesorado, estudantado e PAS da Facultade

ORGANIZA: Cátedra Valle-inclán USC no marco do 50 Aniversario da Facultade de Filoloxía.

DATAS: 26 de marzo a 9 de abril de 2025

LUGAR, DATA e HORARIO:

Salón de Graos:

- **Presentación do libro** *Ramón del Valle-Inclán. El Trueno Dorado. Edición. facsímil, diplomática y crítica* de Javier Serrano Alonso, por Margarita Santos Zas (**26 marzo, 12.00h**)
- **Conferencia inauguración** *La obra de Valle-Inclán* Luis Iglesias Feijoo (**26 marzo, 12.00h**)
- **Conferencia clausura** *La biblioteca de Valle-Inclán* Javier del Valle-Inclán Alsina (**9 abril, 12.00h**)

2º andar

- **Exposición** *El Trueno Dorado* (**26 de marzo-9 de abril, 8.30-20.30**)

CONTACTO: margarita.santos@usc.es

DESCRICIÓN: Actos *In Memoriam* Javier Serrano Alonso (1962-2024), recoñecido valleinclinista, prof. do Dpto de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral, membro do Grupo de Investigación Valle-Inclán e da Cátedra homónima. A exposición mostra en imaxes, coa documentación oportuna (manuscritos, ilustracións, fotografías, edicións e outros materiais) a complexa historia da novela póstuma de Valle-Inclán, escrita perante a súa estadía en Santiago no ano 1935, enfermo de cancro, tratado no sanatorio do Doutor Villar Iglesias. Neste período Valle-Inclán escribiu a súa novela, na que traballou ata poucos días antes do seu falecemento (5 de xanerio de 1936), e publicouse *Post Mortem* no diario madrileño *Ahora*. Javier Serrano Alonso, na súa innovadora obra, aborda as vicisitudes do proceso de escritura e publicación desta novela valleincliniana, aportando por vez primeira unha edición facsímil, diplomática e crítica da mesma, en soporte papel e dixital. O acto estará presidido polo Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación, Gumersindo Feijoo.



Actividades Culturais

TÍTULO: Exposición «Michael Ende. *Michael Ende. A vida e obra en textos e imaxes*»

DESTINATARIAS: Todo o público interesado

ORGANIZACIÓN: Asociación de Germanistas de Euskadi, La Rioja y Navarra (GERN), Área de Filoloxía Alemá, DAAD, Decanato Facultade de Filoloxía

DATAS: Do 5 ao 31 de marzo

LUGAR: Facultade de Filoloxía. Escaleiras

CONTACTO: katharina.heiber@usc.es

PÁXINA WEB: [O Alemán no Camiño](#)

DESCRINCIÓN: Con *Jim Botón*, *Momo* e *A historia interminable*, Michael Ende (1929-1995) creou clásicos intemporais da literatura infantil e xuvenil, traducidos a máis de 40 idiomas e con máis de 35 millóns de exemplares vendidos, que seguen cativando lectores de todas as idades. Isto convérteo nun dos autores alemáns máis exitosos do século XX.

A biografía de Michael Ende non estivo exenta de xiros inesperados, pero a súa vida estivo sempre dedicada á arte e á creatividade en diversas formas. A exposición, ricamente ilustrada, presenta as etapas clave da súa vida e obra, ofrecendo unha visión vívida da súa evolución como escritor e das súas obras máis emblemáticas.

MICHAEL ENDE

LEBEN UND WERK IN TEXTEN UND BILDERN
A VIDA E OBRA EN TEXTOS E IMAXES

Do 5 ao 31 de marzo de 2025

Facultade de Filoloxía
Escaleiras

Inauguración
05/03 13hrs vestíbulo

*Lass dich überraschen!
Déixate sorprender!*

Eine Wanderausstellung der
Internationalen Jugendbibliothek, www.ijb.de
Unha exposición da Internationale
Jugendbibliothek de Múnich www.ijb.de

Organiza: USC FACULTADE DE FILOLOXÍA IJB
Colaboran: GERN DAAD IJB

Actividades Culturais

TÍTULO: Exposición de obras de Michael Ende e lectura de textos

DATAS: 17-31 marzo 2025

LUGAR: Biblioteca Facultade Filoloxía

HORARIO: 8.30-21.25 h.

CONTACTO: biblioteca.filoloxia@usc.es; katharina.heiber@usc.es

DESCRICIÓN: Con motivo da mostra itinerante *Michael Ende*. *A vida e obra en textos e imaxes* que acubilla a nosa Facultade estes días, a Biblioteca súmase a iniciativa co desenvolvemento dunha exposición de obras deste autor procedentes dos fondos da BUSC os días 17-31 de marzo.



The poster features a teal background. At the top, a black and white photo of Michael Ende in a hat and sunglasses is partially visible. The text 'MICHAEL ENDE' is prominently displayed in large, white and orange letters. Below this, a line of text in German and Spanish reads: 'Wir lesen mehrsprachig aus Michael Endes Werken / Lemos obras de Michael Ende en varios idiomas'. The middle section contains the exhibition dates 'Exposición de libros: 17 - 31 de marzo de 2025' and the reading time 'Lectura de textos: 20 de marzo, 12:00h' in blue. The location 'Biblioteca da Facultade de Filoloxía' is written in large orange letters. A stack of three books is shown on the right, with the top one being 'MOMO'. A blue diagonal banner with white text says 'Lass dich überraschen! / Deixate sorprenden!'. At the bottom left, text mentions 'Wanderausstellung der Internationalen Jugendbibliothek' and provides the website 'www.ijb.de'. The bottom right corner includes logos for USC, GERN, DAAD, and the International Youth Library, along with a QR code.

MICHAEL ENDE

Wir lesen mehrsprachig aus Michael Endes Werken
Lemos obras de Michael Ende en varios idiomas

Exposición de libros: 17 - 31 de marzo de 2025
Lectura de textos: 20 de marzo, 12:00h

Biblioteca da Facultade de Filoloxía

*Lass dich überraschen!
Deixate sorprenden!*

Wanderausstellung der Internationalen Jugendbibliothek, www.ijb.de
Unha exposición da Internationale Jugendbibliothek de Múnich www.ijb.de

Organiza: Colaboran:

USC FACULTADE DE FILOLOXÍA GERN DAAD INTERNATIONALE JUGEND BIBLIOTHEK

Actividades Culturais

TÍTULO: Exposición «Iconografía artística de José Ángel Valente (1955-2024)»

DESTINATARIAS: Comunidade universitaria

ORGANIZACIÓN: Decanato da Facultade de Filoloxía, Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética

CONTACTO: filoloxia.decanato@usc.gal, catedra.valente@usc.gal

DATAS: Do 4 de febreiro ao 31 de marzo

LUGAR: Facultade de Filoloxía. 1.º andar

DESCRICIÓN: Ao longo da súa vida, e incluso despois do seu falecemento, o poeta, narrador, ensaísta e tradutor galego José Ángel Valente (Ourense, 1929-Xenebra, 2000) foi retratado en diversas ocasións e baixo distintas técnicas artísticas (pintura, debuxo, caricatura). Esta exposición é unha pequena mostra dese material que se conserva na Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética, dirixida por Claudio Rodríguez Fer e creada tras o nombramento do poeta como doutor honoris causa pola Universidade de Santiago de Compostela en 1999, durante o reitorado de Darío Villanueva.



Actividades Culturais

TÍTULO: Nicht Nur Magazin, número piloto (0)

ORGANIZACIÓN: Decanato (proxectos colaborativos), Área de Filoloxía Alemá

CONTACTO: sofia.delatorre@rai.usc.es; roque.fernandez.alcaniz@rai.usc.es

REDE SOCIAL: [@nichtnurmagazin](https://www.instagram.com/nichtnurmagazin) (Instagram)

DATAS: estrea e disponibilización a partir do 17 de marzo

LUGAR: en liña

DESCRICIÓN: O próximo 17 de marzo será publicado en internet o número piloto da revista *Nicht Nur Magazin*, un medio novo que, dende a súa plataforma en formato blogue pretende achegar a cultura e a lingua alemás á comunidade universitaria primeiro, e ao estudantado galego xeral despois. Esta revista bimensal, máis divulgativa que académica, ofrece no seu primeiro número as seccións de: “DU BIST SO EINE MAUS!”, “DER BARON MÜNCHHAUSEN”, “Sissi: die rebellische Kaiserin”, e “Schlösser in Deutschland besichtigen”. Dende a dirección estaremos moi atentxs ao *feedback*, e pregamos a aquelas persoas interesadas en facer parte da redacción *auf Deutsch* desta magazin que entren en contacto connosco de cara á preparación do número 1.



Actividades Culturais

Título da información/actividade: XI Edición do Concurso Literario Mazarelos

Destinatarias: estudantes de grao, mestrado e doutoramento matriculadas en calquera titulación da USC, persoas investigadoras contratadas na USC con cargo a proxectos de I+D ou programas posdoutorais, en calquera momento do ano 2025 anterior á finalización do prazo de presentación

Axente que informa/organiza: CNL da Facultade de Filoloxía

Datas: Entrega de orixinais 25 de marzo – 30 de setembro

Enderezo electrónico de contacto: filoloxia.decanato@usc.gal

[Ligazón á páxina web ou rede social](#)

Descrición da información

Co obxectivo de fomentar a creatividade da mocidade universitaria e desenvolver a súa capacidade de expresión en lingua galega, así como para contribuir a descubrir potenciais figuras deste eido da cultura, a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía convoca anualmente o Concurso literario Mazarelos, nome que lembra e homenaxea as raíces da Facultade, e mesmo da Universidade e da propia Compostela.

Consulta as bases na ligazón indicada arriba e ámate a participar!



XI Concurso Literario Mazarelos 2025

1.º premio:
600 €

2.º premio:
500 €

3.º premio:
400 €

Aberto a todo o estudiantado da USC e a investigadoras/es contratadas/os

Prazo de presentación ata 30 de setembro de 2025

Información e bases:

www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-literario-mazarelos

www.usc.gal/gl/servizos/unidades/servizo-normalizacion-linguistica

USC FACULTADE DE FILOLOXÍA

COMISIÓN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUNTA DE GALICIA

[Formulario entrega de traballos](#)



Actividades/Informacións académicas

Título da información/actividade: O portugués na paisagem lingüística de Macau

Destinatarias: Alumnado e profesorado da Facultade

Axente que informa/organiza: Instituto da Lingua Galega

Data: 2 de abril de 2025

Lugar: Sala de Graos, Facultade de Filoloxía

Horario: 12 horas

Enderezo electrónico de contacto: xoseluis.regueira@usc.gal

Ligazón: <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/conferencia-joao-veloso>

Descrición da información/actividade

Macau tem o chinês e o portugués como línguas oficiais e o inglés como uma importante língua veicular. A realidade quotidiana da cidade mostra como a “oficialidade”, ainda que importante para a preservação e a promoção de uma língua, nem sempre traduz a sua “vitalidade”. Numa cidade de encruzilhadas e fachadas polissémicas, as línguas oficiais convivem com muitas outras que asseguram o dia-a-dia da comunidade: o filipino (e outras línguas das Filipinas), o vietnamita, o tailandês e o nepalês, entre outras, são o cimento de uma cidade que só se torna decifrável a partir deste mosaico lingüístico e cultural.

ilg

Conferencia

O portugués na paisagem lingüística de Macau

Salón de graos
Facultade de Filoloxía da USC

2 de abril de 2025
12:00 h



João Veloso

Universidade do Porto
Universidade de Macau



Actividades/Informacións académicas

Título da información/actividade Presentación do libro *Manual of Galician Linguistics*

Destinatarias Docentes, estudantes, medios de comunicación

Axente que informa/organiza PDI

Data 3 de abril


Lugar Salón de graos. Facultade de Filoloxía

Horario 12:30 h

Enderezo electrónico de contacto xulio.sousa@usc.gal

Descrición da información/actividade

Presentación do libro *Manual of Galician Linguistics* (De Gruyter). Intervirán os editores do volume (Xulio Sousa e Ernesto Gonzalez Seoane) e o profesor da facultade Víctor Longa Martínez.



Actividades/Informacións académicas

Título da información/actividade: Validatón 2025

Destinatarias: Estudantado de todas as titulacións de Filoloxía

Axente que informa/organiza: Grupo FILGA

Datas:

- Fase en liña: 31 de marzo - 10 de abril ás 12 h
- Fase presencial: 10 de abril das 16 ás 20 h

Lugar: Fase presencial: Instituto da Lingua Galega (Praza da Universidade, 4, Santiago de Compostela)

Horario: Fase presencial: 16-20 h

Enderezo electrónico de contacto: danielfernandez.lopez@usc.gal

[Ligazón á páxina web ou rede social](#)

Descrición da información/actividade: O Validatón 2025 é unha competición aberta ao alumnado das titulacións de Filoloxía en que poderá contribuír á creación de recursos para o galego en Common Voice, plataforma pública de datos de voz alimentada por persoas voluntarias de todo o mundo. O obxectivo deste proxecto colaborativo é crear grandes corpus de datos orais que poidan ser empregados para adestrar modelos de recoñecemento da fala en distintas linguas, entre elas o galego.

O prazo de inscrición remata o 10 de abril ás 12 h. Anímate a participar! Haberá agasallos sorpresa e premios en metálico para a persoa gañadora de cada categoría.

II VALIDATÓN

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

ES ESTUDANTE DE FILOLOXÍA? QUERES FALAR COAS MÁQUINAS EN GALEGO?

Anímate a participar e contribuír á creación de recursos en galego en Common Voice!!

PREMIOS
AGASALLOS SORPRESA
CAFÉ PETISCOS

Poderás competir en tres categorías

1. Gravación de fragmentos (en liña)
2. Validación de audios (en liña)
3. Xeración de frases (presencial)

ENTRE O 31/03 E O 10/04 ATA AS 12:00 H
FASE EN LIÑA

O 10/04 DAS 16:00 ÁS 20:00 H
FASE PRESENCIAL

#ValidatónLG25

Organización: **nós ilg** Instituto da Lingua Galega

Financiamento: **ATLANTICPONTE** **imaxin | software**

GOBERNACIÓN DE GALIÇA

Actividades/Informacións académicas

Título da información/actividade Ciberviolencia sexual: ferramentas para a prevención

Destinatarias Público xeral con inscrición previa

Axente que informa/organiza Grupo FILGA

Data 22 de abril

Lugar Sala de divulgación do Instituto da Lingua Galega (Praza da Universidade, 4, Santiago de Compostela)

Horario 16:30 h

Enderezo electrónico de contacto marta.negro@usc.gal

[Ligazón á páxina web ou rede social](#)

Descrición da información/actividade

Sabela Salgueiro, traballadora social especializada en saúde, sexualidade e xénero, impartirá esta conferencia sobre ciberviolencia sexual; unha forma de violencia que se desenvolve no ámbito dixital e reflicte desigualdades de xénero presentes na sociedade.

Este evento, organizado pola Comisión de Igualdade e Xénero do ILG, ten como obxectivo achegar o público a unha comprensión clara deste fenómeno e proporcionar ferramentas prácticas para previr, identificar e responder a estas situacións, promovendo a construción de espazos dixitais máis seguros e igualitarios.

ilg

Conferencia

Ciberviolencia sexual: ferramentas para a prevención

Sala de divulgación
Instituto da Lingua Galega

22 de abril de 2025
16:30 h



Tamén en directo na nosa canle de Youtube



**Sabela
Salgueiro**

Traballadora social
especializada en saúde,
sexualidade e xénero



USC ilg Instituto da Lingua Galega

Sabela Salgueiro



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: Sesión de presentación de programas de máster da Facultade

DESTINATARIAS: Estudantado

ORGANIZA: Decanato da Facultade de Filoloxía

DATAS: 29 de abril de 2025

LUGAR: aula C11

HORARIO: 16:00



Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: *II Xeira CLARIAH-GAL*

ORGANIZA: Grupo FILGA

DATA/S: 9 de maio de 2025

LUGAR: salón de graos da Facultade de Filoloxía

HORARIO: 09:00-19:30 h

ENDEREZO DE CONTACTO: vitor.miguez@usc.gal

LIGAZÓN: <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/II-xeira-clariah-gal>

DESCRICIÓN: Este evento pretende ser un espazo para dar a coñecer as infraestruturas europeas de investigación [CLARIN](#) e [DARIAH](#), así como para difundir proxectos e grupos de investigación galegos que traballen no ámbito das Humanidades Dixitais e das tecnoloxías lingüísticas aplicadas á investigación en Humanidades e Ciencias Sociais.

Ata o 31 de marzo pódense enviar **propostas de póster** de proxectos relacionados coas Artes, Ciencias Sociais e Humanidades Dixitais, que se estean levando a cabo en Galicia ou por grupos de investigación galegos, a ilgsec@usc.gal. O resumo non deberá exceder as 500 palabras (excluindo referencias bibliográficas) e deberá incluír o título e autoría, así como a motivación, obxectivos, método ou resultados.



Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: Congreso Internacional 1950-2010: Seis décadas de literatura e sociedade en Galiza

ORGANIZACIÓN: Instituto da Lingua Galega

CONTACTO: congreso.literatura.sociedade@usc.gal

DATAS: 19-20 de xuño, 2025

LUGAR: Facultade de Filoloxía


PÁXINA WEB: <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/congreso-internacional-literatura-sociedade>

DESCRICIÓN:

Conferencias plenarias confirmadas: Antón Figueroa (profesor xubilado da Universidade de Santiago de Compostela), Tristan Leperlier (Marie Skłodowska-Curie Fellow — CNRS), Isaac Lourido (Universidade da Coruña), Ana Luna (Universidade de Vigo) e Dolores Vilavedra (Universidade de Santiago de Compostela).

CONGRESO
INTERNACIONAL
1950-2010:
SEIS DÉCADAS
DE LITERATURA
E SOCIEDADE
EN GALIZA

19-20 DE XUÑO DE 2025,
FACULTADE DE
FILOLOXÍA (USC)



ilg | Instituto
da Lingua
Galega

USC
FACULTADE DE FILOLOXÍA

XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CONECTA, UNIV. PRA UNHA
FORMACIÓN PROFESIONAL

GOVERNAMENTO DE GALICIA
GOVERNMENT OF GALICIA

Actividades/Informacións académicas

Na páxina web da Facultade de Filoloxía están publicados **vídeos de presentación de materias** que se imparten nos distintos graos e mestrados da Facultade.

Na páxina de inicio pódense atopar baixo a epígrafe "Vídeos informativos de materias" ou directamente en:

https://www.youtube.com/playlist?list=PLN7h5nFkg2ZV9T6EOlp3JD37Pd4_LDJX

ALUMNAS TITORAS DA FACULTADE DE FILOLOXÍA



SARA
MEI



IRIA
LIÑARES

SOMOS ESTUDANTES DE GRAO E TITORAS, ENCARGADAS DE AXUDARCHE EN CALQUERA DÚBIDA SOBRE A FACULTADE OU A USC EN XERAL (MATRÍCULA, ESTRUCTURA DOS GRAOS, ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DA UNIVERSIDADE, TRÁMITES...). SOMOS A PONTE ENTRE TI E A ADMINISTRACIÓN.

ANÍMATE E CONTÁCTANOS! SEMPRE DISPOÑIBLES PARA ESCOITARTE

PODES FALARNOS POLOS CORREDORES
OU AO NOSO CORREO:

saramei.ferro@rai.usc.es


iria.linares@rai.usc.es



FACULTADE DE FILOLOXÍA

A Facultade de Filoloxía está en Instagram e Bluesky!

Instagram



Inicio



Búsqueda



Explorar



facultadefiloloxiausc

Editar perfil

Herramientas de anuncios



5 publicaciones

401 seguidores

169 seguidos

Facultade de Filoloxía da USC

Universidad

Información sobre as actividades académicas e culturais da Facultade de Filoloxía da USC

#filoloxiausc

twitter.com/filoloxia



filoloxiausc.bsky.social

@filoloxiausc.bsky.social

A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!



@busc_filoloxia



@buscfiloloxia